

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 111 - Organización e proc. de mantemento de vehículos
Tribunal: único

CRITERIOS DE AVALIACIÓN TRIBUNAL Nº 1 ORGANIZACIÓN E PROCESOS DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS

DATA PUBLICACIÓN: [15/06/2021]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TRIBUNAL Nº 1 ORGANIZACIÓN E PROCESOS DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

1.1. Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade 590111.

1.2. Avaliarase a aptitude pedagóxica dos opositores e opositoras e o seu dominio técnico do exercicio docente.

1.3. Avaliarase a coherencia e claridade expositiva, oral e escrita.

1.4. As probas poderán realizarse en galego ou castelán.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA.

Esta proba terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade docente a que se opta, e constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente:

Parte A: incluírá unha proba práctica consistente na realización por escrito dunha serie de exercicios que se axustará ao disposto no anexo VI da orde de convocatoria do proceso selectivo, e da especialidade de Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes a esta especialidade. A persoa aspirante disporá de dúas opcións, das cales debe elixir unha. No caso de que o/a aspirante faga exercicios das dúas opcións, será cualificada a opción que o/a aspirante escriba no exterior do sobre no que entrega a súa proba.

Parte B: consistirá no desenvolvemento por escrito de un tema elixido polo persoal aspirante de entre cinco que serán extraídos ao chou polo tribunal do temario que compoñen o temario oficial da especialidade. No caso de que o/a aspirante faga máis de un tema, será cualificada a opción que o/a aspirante escriba no exterior do sobre no que entrega a súa proba.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PRIMEIRA PROBA

O exame práctico (parte A) consistirá no desenvolvemento dunha opción de dúas propostas polo tribunal. Cada opción consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios ou supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos establecidos no Anexo VI da orde de 24 de febreiro de 2020 pola que se

convocan os procedementos selectivos (DOG nº50 de 13 de marzo de 2020). Os opositores que participen pola quenda E tamén terán que realizar esta parte da proba, sendo:-Procesos de organización, planificación e control na área de electromecánica.-Procesos de organización, planificación e control na área de carrozaría.-Verificacións, controis e procedementos de corrección de disfuncións nos sistemaseléctricos do vehículo.-Verificacións, controis e procedementos de corrección de disfuncións nos sistemas de seguridade e confortabilidade do vehículo.

-Verificacións, controis e procedementos de corrección de disfuncións no motor térmico e os seus sistemas auxiliares. -Verificacións, controis e procesos de reparación de carrozarías.-Procesos de xestión e lóxística do mantemento de vehículos.-Seguridade no mantemento de vehículos.-Verificacións, controis e reparacións de novas tecnoloxías de propulsión.No tema (parte B) avaliarase a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios dun tema escollido polo/a aspirante de entre cinco sorteados do temario.

É imprescindible alcanzar o 25% da puntuación máxima de cada unha destas partes para superar a primeira proba. A nota desta primeira proba será conxunta, sendo necesario acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 60% para o práctico (parte A) e 40% para o tema (parte B).

PARTE A DA PRIMEIRA PROBA: PARTE PRÁCTICA. CRITERIOS ESPECÍFICOS.

- Os coñecementos científicos e técnicos evidenciados
- Adecuación do uso dos materiais, ferramentas e utensilios empregados.
- A orde, limpeza e pulcritude na execución dos exercicios e/ou supostos prácticos e/ou das preguntas formuladas.
- A claridade e limpeza na presentación da proba.
- Presentación de unha estrutura coherente.
- Emprego con corrección das técnicas, a notación e o vocabulario específico desta disciplina.
- Fundamentación e xustificación dos procedementos e métodos aplicados na resolución dos exercicios.
- Secuenciación correcta na resolución dos exercicios.
- Corrección do resultado final.

Criterios específicos da parte B (desenvolvemento dun tema):

- Elaboración dun índice do tema que se desenvolve.
- Introdución sintética do desenvolvemento posterior.
- Estrutura coherente na exposición do tema.
- Demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios do tema elixido polo/a aspirante.

-Uso correcto das técnicas, notación e terminoloxía propias desta disciplina.

-Coherencia entre o exposto no tema e o tema elixido.

Superación da primeira proba:

-A cualificación de cada parte da primeira proba realizarase por separado.

-A ponderación da parte A é do 60% e da parte B do 40%.

-Para superar esta primeira proba a persoa aspirante debe obter polo menos o 25% do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total igual ou superior aos cinco puntos.

PARTE B DA PRIMEIRA PROBA: PARTE TEÓRICA. CRITERIOS ESPECÍFICOS.

ESTRUCTURA DO TEMA:

- Índice

- Introducción

- Desenvolvemento

- Conclusión

- Bibliografía

EXPRESIÓN E PRESENTACIÓN:

- Fluidez en redacción

- Riqueza e corrección léxica e gramatical

- Limpeza e claridade

CONTIDOS ESPECÍFICOS DO TEMA E ORIXINALIDADE.

- Tratar todos os e cada un dos puntos do enunciado do tema

- Nivel de profundización e actualización dos contidos

- Valoración ou xuízo crítico e fundamentado dos contidos

- Ilustración dos contidos con exemplos, esquemas, gráficos, etc.

- Secuencia lóxica e ordeada

- Referencias á normativa actualizada

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA.

-Criterios comúns ás dúas partes:

-Avaliarase a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

-Exposición clara e ordenada.

-Seguridade e coherencia na exposición.

-Uso correcto da linguaxe e da notación terminoloxía matemática.

-Fluidez no discurso.

O persoal aspirante que superou a primeira proba realizará esta segunda proba, que terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e do seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. A proba componse de dúas partes:

¿ Parte A: presentación e defensa dunha programación didáctica.

A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade, na cal deberán especificarse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 4 unidades didácticas que deberán estar numeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, (a excepción das táboas nas cales non será preciso respectar o espazo interlineal), con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos. Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.

Resultará excluído do procedemento selectivo o persoal aspirante cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores. En ningún caso poderán excluírse as persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación.

A programación será entregada ao tribunal pola persoa aspirante que supere a primeira proba no centro en que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

Parte B: preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.

A parte B da proba consistirá na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal, que poderá estar relacionada coa programación presentada pola persoa aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, a persoa aspirante elixirá o contido da unidade didáctica da súa programación, de entre tres extraídas ao chou por ela mesma. No segundo caso, a persoa aspirante elixirá o contido dunha unidade didáctica do temario oficial da especialidade, dun tema de entre tres extraídos ao chou por ela mesma. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, os contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe que se van formular na aula e os procedementos de avaliación.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia utilizar non poderá ser susceptible d dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.)

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno, sempre que sexa aprobado polo tribunal. Este material deberá ser achegado polo propio aspirante e non pode ter conexión co exterior. Ademais poderá empregar un guión que non excederá unha páxina e que se entregará ao tribunal ao final da exposición.

O persoal aspirante disporá dun tempo máximo dunha hora para a defensa oral da programación, a exposición da unidade didáctica e posterior debate ante o tribunal. O persoal aspirante iniciará a súa exposición coa defensa da programación didáctica presentada, que non poderá exceder os vinte minutos, e a continuación realizará a exposición da unidade didáctica, que non excederá os trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder os dez minutos.